

**RESOLUCIÓN REITORAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO
DO 17 DE ABRIL DE 2013 POLA QUE SE RESOLVE
PARCIALMENTE O PROGRAMA ESPECIAL DE
PROMOCIÓN DO PDI 2011-2012, DETERMINÁNDOSE
AS ÁREAS E CANDIDATOS/AS SELECCIONADOS/AS**

Por acordo do Consello de Goberno do 8 de febreiro de 2012, ~~fixose pública a Convocatoria do Programa Especial de Promoción do Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo (curso 2011/2012).~~

Con data 9 de maio de 2012, foi publicada a relación definitiva de ~~persoas admitidas e excluídas para participar nesa convocatoria.~~

A Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións recibiu, tal e como establece a convocatoria, os informes de avaliación das persoas candidatas elaborados por unha comisión de expertos externos no marco do convenio subscrito pola Universidade de Vigo e a ACSUG.

Recibidas as alegacións, a Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións solicitou da ACSUG a revisión ás cualificacións provisionais. Con data 4 de febreiro de 2013 a Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións recibiu os novos informes da CGIACA, no que se fundamenta a presente resolución.

A COAP, reunida o 17 de abril de 2013, fixo a selección de áreas e persoas candidatas segundo o procedemento establecido na convocatoria excepto no campo Ciencias da Natureza no que, por Resolución Reitoral acórdase a retroacción do procedemento efectuando a publicación das puntuacións resultantes do informe da CGIACA (publicadas coa resolución de 5 de febreiro de 2013) co carácter de provisionais,

Por isto, esta Reitoría, segundo o acordo da COAP de data 17 de abril de 2013,

RESOLVE:

Determinar que nas prazas que se recollen no ANEXO I sexan convocadas prazas de Profesor Titular de Universidade ou Profesor Contratado Doutor nas condicións previstas na convocatoria do Programa Especial de Promoción do Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo (curso 2011/2012) a petición das persoas seleccionadas no programa, que tamén se indican no ANEXO I.


Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso perante a xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ó de recibo desta notificación que se practica por correo certificado con aviso de recibimento de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Non obstante, os interesados poderán optar por interpor recurso de reposición perante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á notificación; neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo ata a resolución expresa ou por silencio administrativo do recurso de reposición.

Vigo, 17 de abril de 2013

O REITOR

Por delegación R.R. 05/09/2011

A vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións



Margarita Estévez Toranzo.

ANEXO I

PROGRAMA ESPECIAL DE PROMOCIÓN DO PDI 2010/2011.

AREAS DE COÑECEMENTO E CANDIDATOS/AS SELECCIONADOS/AS

Área de coñecemento onde será convocada a praza nas condicións previstas na convocatoria (en orde alfabética)	Candidato/a seleccionado/a que deberá solicitar a saída a concurso da mesma nas condicións previstas na convocatoria
DEREITO MERCANTIL	FRANCISCO JOSÉ TORRES PÉREZ
DIDÁCTICA E ORGANIZACIÓN ESCOLAR	JOSÉ ANTONIO SARMIENTO CAMPOS
ENXEÑARÍA QUÍMICA	DIEGO MOLDES MOREIRA
FILOLOXÍAS GALEGA E PORTUGUESA	ANA MARÍA IGLESIAS ÁLVAREZ
FISICA APLICADA	VERÓNICA SALGUEIRIÑO MACEIRA
HISTORIA CONTEMPORÁNEA	JOSÉ RAMÓN RODRÍGUEZ LAGO
MÁQUINAS E MOTORES TÉRMICOS	PABLO EGUÍA OLLER
NUTRICIÓN E BROMATOLOXÍA	CARMEN GONZÁLEZ BARREIRO
ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS	MIGUEL GONZÁLEZ LOUREIRO
QUÍMICA FÍSICA	MOISÉS PÉREZ LORENZO
TEORÍA DO SINAL E COMUNICACIÓNS	PABLO TORÍO GÓMEZ
XENÉTICA	CARLOS ALBERTO CANCHAYA SÁNCHEZ